



## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 28/11/2024

Hora: 19:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 19:00 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

### - PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 26/09/2024. Acta 08/2024.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 95/11/2024. Acta 09/2024.

2.-Aprobar inicialmente se procede o orzamento municipal para o exercicio 2025 (Exp. 2024/T004/000004).

3.- Aprobar se procede a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023 – 2025 (Exp. 2023/G013/000002).

4.-Aprobar se procede a solicitude de inclusión da actuación de humanización da Praza Isaac Díaz Pardo dentro do Plan Hurbe 2019 – 2025 e aceptación da súa execución en réxime de colaboración. (2024/A006/000013).

## II PARTE DE CONTROL

5º.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1273/2024 do 20/09 ata a nº 1685/2024 do 22/11.

6º.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 20/09/2024 ata o 22/11/2024.

7º.-Dación de conta da execución trimestral correspondente ao terceiro trimestre de 2024 (EXP. 2024/X999/000492).

8º.-Dación de conta da morosidade nas operacións comerciais correspondente ao terceiro trimestre de 2024 (expediente TEDEC 2024/X998/000243)

9º.-Dación de conta do PMP a provedores correspondente ao terceiro trimestre de 2024 (expediente TEDEC 2024/X998/000244).

10º.-Dación de conta do CESEL correspondente ao exercicio económico de 2023 (expediente TEDEC 2024-X999-000644).

11º.-Dación de conta do requirimento do Consello de Contas e contestación ao mesmo relativa á contabilización da PICA correspondente ao exercicio de 2023 (expediente TEDEC 2024-X999-000264)

12º.- Mocións dos Grupos municipais.

13º.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oroso.gal/opencms/gl/> ) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.